

***REGULAMENTO DO
ÓRGANO
CONXUNTO DE
REPRESENTACIÓN
DO PERSOAL
DO CONCELLO DE
VIGO***

CAPÍTULO PRIMEIRO: DO ÓRGANO CONXUNTO DE REPRESENTACIÓN

ARTIGO 1º:

O Órgano Conxunto de representación do persoal ao servizo do Concello de Vigo, ten as competencias, organización e funcionamento recollidas no presente regulamento.

ARTIGO 2º:

O Órgano Conxunto de representación do persoal está composto pola totalidade dos delegados e delegadas electos, consonte aos resultados das eleccións sindicais para empregados públicos do Concello de Vigo.

ARTIGO 3º:

1.- O Órgano Conxunto de representación do persoal elixirá de entre os seus membros un/ha presidente/a, un/ha vicepresidente/a, un/ha secretario/a, un/ha vicesecretario/a e un/ha vogal, elixidos por maioría absoluta dos seus membros. De non acadarse esta, serán elixidos en segunda votación de acadar máis votos a favor que en contra dos membros presentes.

As candidaturas presentaranse completas, con todos os postos a elixir, e deberán incluír, necesariamente, persoas candidatas funcionarias e laborais co obxecto de garantir a presenza dos dous colectivos, sendo nulas as candidaturas constituídas só por persoal funcionario ou só por persoal laboral. As persoas así elixidas constitúen a Mesa do Órgano Conxunto de representación do persoal.

Para o seu cese convocarase un pleno extraordinario ao efecto, cun único punto na orde do día, seguindo o mesmo procedemento que para a súa elección.

2.- A Mesa executa os acordos do Órgano Conxunto de representación do persoal e exerce a súa representación.

3.- Cada sindicato poderá propoñer a substitución dos seus compoñentes na Mesa, que deberá ser ratificada polo Pleno.

CAPÍTULO SEGUNDO: DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS

DA PRESIDENCIA

ARTIGO 4º

- 1.- A Presidencia do Órgano Conxunto de representación do persoal exerce a representación legal do organismo diante do Concello ou calquera outra administración de conformidade coa lexislación vixente.
- 2.- Presidirá as reunións do Pleno, da Comisión Permanente, así como de calquera outro órgano derivado da organización do Órgano Conxunto de representación do Persoal.

DA VICEPRESIDENCIA

ARTIGO 5º

Correspóndelle á Vicepresidencia substituír en todas as súas funcións á Presidencia en caso de vacante, ausencia ou enfermidade, desempeñando as funcións ata a incorporación da Presidencia e colaborar con esta nas tarefas que acorden.

DA SECRETARÍA

ARTIGO 6º

- 1.- A Secretaría do Órgano Conxunto de representación será a encargada de redactar a acta en cada sesión dos plenos e das comisións permanentes. A persoa que desempeñe o posto será secretario/a nato/a de todos os órganos derivados do Órgano Conxunto de representación do Persoal.
Elaborará a acta das reunións que poidan manter membros da Mesa cando o propio órgano así o requira.
- 2.- Nas actas faranse constar os/as membros presentes do Órgano Conxunto de representación e os/as delegados/as sindicais das distintas seccións; breve reseña das intervencións; membros ausentes con xustificación; lugar, día e hora da reunión; sentido das deliberacións; a forma e o resultado das votacións e os acordos.
De non realizarse sesión por falta de asistentes, a Secretaría fará constar a causa e nomes das persoas non asistentes.

3.- Notificará as convocatorias das reunións de todos os órganos a cada sindicato e dará traslado ás seccións sindicais da información recibida polo Órgano Conxunto de representación do persoal.

4.- Realizará a tramitación administrativa dos acordos adoptados e xestionará os arquivos do Órgano Conxunto de representación do persoal.

DA VICESECRETARÍA

ARTIGO 7º

1.- Correspóndelle á Vicesecretaría substituír en todas as súas funcións á Secretaría en caso de vacante, ausencia ou enfermidade, desempeñando as funcións ata a incorporación da Secretaría e colaborar con esta nas tarefas que acorden.

DA VOGALÍA

ARTIGO 8º

1.- Colaborará co resto de membros da Mesa nas tarefas que acorden.

CAPÍTULO TERCEIRO: DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

DO PLENO

ARTIGO 9º

1.- O Pleno estará composto pola totalidade de delegados e delegadas electas. Así mesmo, poderán asistir os delegados e delegadas sindicais dos sindicatos nos termos previstos na Lei Orgánica de Liberdade Sindical, con voz e sen voto.

2.- O Pleno é o máximo órgano decisorio do Órgano Conxunto do Persoal.

FUNCIONAMENTO DO PLENO

ARTIGO 10º

1.- As sesións poden ser ordinarias ou extraordinarias. Son ordinarias aquelas que teñen lugar o terceiro mércores de cada mes, exceptuado agosto, ás 10 horas.

Para a válida constitución do Pleno requírirase a asistencia da metade máis un dos seus membros en primeira convocatoria, ou dun terzo dos seus membros en segunda convocatoria, realizada media hora despois.

No caso de ser non laborable o pleno realizarase no primeiro día hábil seguinte.

2.- Son sesións extraordinarias as convocadas pola Mesa do Órgano Conxunto con tal carácter por iniciativa propia ou a solicitude dun mínimo de dous sindicatos que contén, cando menos, cun 25% dos membros do Pleno. A solicitude farase por escrito, asinada polas persoas que a subscriben e cos puntos da orde do día e data de realización, que necesariamente deberá ser no prazo comprendido entre 2 e 5 días hábiles dende a súa presentación.

3.- Correspóndelle á Presidencia convocar todas as sesións do Pleno, achegando coa convocatoria a orde do día, na que se incluírán os temas acordados na Comisión Permanente.

4.- A orde do día dos plenos ordinarios incluírá necesariamente o punto de Xestións e rematará coa Rolda de Intervencións.

5.- Serán nulos os acordos adoptados en sesións ordinarias ou extraordinarias sobre calquera asunto non incluído na orde do día, salvo os casos por razóns de urxencia que deberá ser apreciada previamente por maioría dos membros asistentes.

6.- No transcurso dos debates, a Presidencia, a petición dun mínimo de dous sindicatos, interromperá a sesión para as oportunas deliberacións.

7.- As sesións dos plenos son públicas para os traballadores e traballadoras do Concello de Vigo que estean en situación de servizo activo. Calquera deles pode intervir, previa petición, para expoñer problemas relacionados cos seus postos de traballo.

As solicitudes para intervir deberá dirixirse á Mesa do Órgano Conxunto do Persoal cunha antelación mínima de 24 horas ao inicio da sesión.

8.- No caso de non existir quórum na segunda convocatoria, a presidencia posporá os asuntos que tiñan que ser tratados para a primeira sesión que se realice.

9.- Ao comezo das sesións, a presidencia indicará se algunha persoa membro do Pleno ten algunha observación que facer na acta da sesión anterior. No caso de habelas, incluírase na acta seguinte. Se non hai

observacións a acta considerarase aprobada.

10.- Calquera sindicato poderá solicitar a retirada, inclusión ou o aprazamento dalgún punto da orde do día, que deberá ser sometida á votación para a súa aprobación.

11.- Os acordos serán tomados pola maioría simple dos membros presentes.

12.- O voto é persoal e intransferible. Pode ser afirmativo, negativo ou de abstención. Cada persoa delegada pode solicitar que conste en acta o sentido do seu voto. Só caberán as delegacións de voto realizadas ante a Mesa do Órgano Conxunto do persoal que especifiquen o punto ou puntos da orde do día para as que son emitidas e o sentido do voto. Só ten dereito a voto as persoas delegadas electas.

DA COMISIÓN PERMANENTE

ARTIGO 11º

1.- A Comisión Permanente estará composta pola Mesa do Órgano Conxunto e dous representantes de cada sindicato que conte con representación no Concello de Vigo, que terán a condición de portavoz e viceportavoz do seu sindicato. Os acordos decidiranse por medio de voto ponderado expresado polo portavoz de cada organización sindical.

2.- Tratará as cuestións que se susciten entre plenarios, resolvendo as da súa competencia e transmitindo as correspondentes aos órganos competentes derivados do Órgano Conxunto de representación do persoal.

3.- Aprobará a orde do día dos plenos ordinarios.

4.- Ao comezo das sesións, a presidencia indicará se algunha persoa membro da Comisión Permanente ten algunha observación que facer na acta da sesión anterior. No caso de habelas, incluírase na acta seguinte. Se non hai observacións a acta considerarase aprobada.

5.- Reunirase o primeiro e terceiro mércores de cada mes, exceptuado agosto, ás 9 horas, sen necesidade de convocatoria.

No caso de ser non laborable a comisión realizarase no primeiro día hábil seguinte.

Se a Mesa apreciase a necesidade de cambiar o día ou a hora de realización dunha sesión da Comisión Permanente, poderá facelo dentro da mesma semana con comunicación a todos os sindicatos con representación na Comisión.

6.- Ás sesións da Permanente poderán asistir o resto de persoas delegadas electas e de sección sindical que non teñan a condición de membros da Comisión, sen voz e sen voto, salvo o previsto no parágrafo seguinte.

Nas sesións da Permanente poden intervir, previa petición, traballadores do Concello para expoñer problemas relacionados cos seus postos de traballo. As solicitudes para intervir dirixiranse á Mesa do Órgano Conxunto do Persoal cunha antelación mínima de 24 horas ao inicio da sesión.

7.- As actas da Comisión Permanente serán públicas e deberán remitirse ás seccións sindicais nos 5 días seguintes á realización da sesión.

COMISIÓNS DE TRABALLO

ARTIGO 12º

1.- Realizarán as sesións da forma que sexan marcadas polo Pleno e poden posteriormente variar o seu horario e día de realización, sempre mediante acordo da propia Comisión do que darán conta á Comisión Permanente. Realizaranse sesións extraordinarias cando así o acorde a propia comisión ou por petición da Presidencia do Comité.

2.- Considerarase validamente constituída cando asistan polo menos a metade dos sindicatos que formen parte da Comisión.

3.- Consideraranse acordadas as resolucións tomadas por unanimidade. De non existir unanimidade trasladaráselle o asunto á Comisión Permanente para o seu debate

4.- As comisións comunicarán á Permanente todos os acordos aos que chegen.

5.- No caso de existir asuntos que poidan afectar na súa resolución a outros servizos, deberán trasladalo á Permanente para a súa discusión. A Comisión Permanente poderá acordar a convocatoria conxunta de dúas ou máis comisións de traballo.

6.- Na súa primeira sesión elixirán unha Secretaría co fin de moderar as reunións e redactar a acta, na que conste: día, asistentes, asuntos tratados e acordos. A persoa secretaria será a responsable do seguimento dos acordos e de trasladalos á Comisión Permanente.

A elección da persoa que ocupará a Secretaría deberá ser por unanimidade. De non acadarse a unanimidade será exercida rotatoriamente por todos os sindicatos participantes pola orde que

acorden. De non existir acordo seguirase a orde de maior a menor representatividade no Órgano Conxunto de representación do persoal. As comisións poderán acordar unhas normas propias de funcionamento.

7.- Poder intervir o persoal do Concello que o solicite previamente para expoñer os problemas relacionados cos seus postos de traballo. A tal efecto participará na Comisión durante o tempo necesario para a súa exposición.

8.- As Comisións poderanse facer no centro de traballo se así o acorda a propia comisión.

9.- As comisións de traballo estarán compostas por dous membros por sindicato que teñan a condición de delegado/a electo/a, de sección sindical ou liberado/a e serán as seguintes:

COMISIÓN DO SPEIS
COMISIÓN DE POLICÍA
COMISIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL
COMISIÓN DE SERVIZOS
COMISIÓN DE FORMACIÓN
COMISIÓN DE OFICINAS
COMISIÓN DE DEPORTES
COMISIÓN DE BENESTAR SOCIAL
COMISIÓN DE VESTIARIO
COMISIÓN DE SEGUIMENTO DE BOLSAS
COMISIÓN DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

10.- As persoas integrantes de cada comisión serán designadas pola sección sindical correspondente mediante escrito dirixido á Secretaría da Mesa do Órgano Conxunto de representación do persoal do Concello. Poderán acudir cunha persoa asesora que poderá participar na Comisión durante o tempo necesario para a súa exposición.